

# **Criterios de avaliación**

## **Quenda L**

**Primeira Proba:** Demostración dos coñecementos específicos da especialidade

### **1. Criterios de avaliación xerais para ambas partes da Primeira Proba:**

- A. Demostrar o coñecemento científico da especialidade.
- B. Demostrar o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade.
- C. Demostrar corrección lingüística na expresión escrita.
- D. Amosar claridade expositiva.

### **2. Criterios de avaliación específicos para os exercicios da Parte A da Primeira Proba:**

**Proba de carácter práctico**

**Tres exercicios: tradución de tres textos e comentarios**

**Tempo: tres horas**

1º Tradución dun texto en prosa ou en verso sen dicionario (1 hora)

2º Tradución dun texto en prosa con dicionario e comentario sintáctico-estilístico, sociocultural ou histórico. (1hora)

3º Tradución dun texto en verso con dicionario e comentario fonético-morfolóxico e métrico. (1 hora)

Criterios	Indicadores	Ponderación	
		Exercicio1	Exercicio2 Exercicio3
A. Demostrar corrección lingüística na redacción dos exercicios e presentalos axeitadamente	<b>A.1.</b> Amosa exactitude ortográfica, sintáctica e léxica. <b>A.2.</b> Presenta, redacta e ordea o exercicio axeitadamente.	<b>5%</b>	<b>5%</b>
B. Demostrar habilidade na tradución de textos latinos	<b>B.1.</b> Amosa exactitude na interpretación morfolóxica, sintáctica e semántica do texto.	<b>95%</b>	<b>75%</b>
C. Demostrar habilidade no comentario de textos latinos	<b>C.1.</b> Amosa precisión, profundidade e coherencia no comentario fonético-morfolóxico e métrico <b>C.2.</b> Amosa precisión, profundidade e coherencia no comentario sintáctico-estilístico, sociocultural ou histórico		<b>20%</b>
<p>* Cada un dos exercicios da <b>Parte A</b> ten un valor de ata 10 puntos. *A nota media dos exercicios da <b>Parte A</b> ten unha ponderación do 60% dentro da <b>Primeira Proba</b></p>			

### 3. Criterios de avaliación específicos para o exercicio da Parte B da Primeira Proba:

Proba de desenvolvemento dun tema por escrito, de entre cinco extraídos ao chou polo tribunal

Tempo: dúas horas

Criterios	Indicadores	Ponderación
D. Demostrar corrección lingüística na redacción do exercicio e presentalo axeitadamente.	D.1. Aмоса exactitude ortográfica, sintáctica e léxica. D.2. Presenta, redacta e ordea o exercicio axeitadamente.	10%
E. Coñecer e expoñer cientificamente o tema proposto	E.1. Aмоса coñecemento científico, profundo e actualizado do tema E.2. Estrutura o tema E.3. Desenvolve o tema completamente E.4. Prantexa o tema de xeito orixinal E.5. Aporta referencias bibliográficas significativas	90%
* O desenvolvemento do tema ten un valor de ata 10 puntos. * A <b>Parte B</b> ten unha ponderación do 40% dentro da <b>Primeira Proba</b>		

### 4. Cualificación final da Primeira Proba:

Segundo a Base 13.3.3 da Orde de 24 de febreiro de 2020:

- Para sumar as puntuacións ponderadas de cada unha das probas débese obter unha puntuación de polo menos o 25 por 100 do valor de cada unha das probas
- Trala suma das puntuacións ponderadas débese obter unha puntuación total igual ou superior a 5 puntos para considerar superada a Primeira Proba da fase de oposición

**Segunda Proba:** comprobación da aptitude pedagóxica e do dominio das técnicas necesarias para o exercicio docente

## 1. Criterios de avaliación xerais para ambas partes da Segunda Proba:

- A. Amosar aptitude pedagóxica
- B. Dominar as técnicas necesarias para o exercicio docente
- C. Amosar claridade e orde na exposición
- D. Amosar seguridade e coherencia na exposición
- E. Amosar dominio da exposición oral
- F. Amosar o dominio da terminoloxía pedagóxica e da propia da materia

**2. Parte A da Segunda Proba:** axustarase aos requisitos indicados na Orde de 24 de febreiro de 2020 e, especificamente, avaliarase coa 1ª rúbrica que esta mesma orde presenta no seu Anexo XI

Parte A x 0.4 Presentación e defensa dunha programación didáctica				
Elementos	Temporalización	Organización	Condições de extensión e formato	Curriculum
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obxectivos</li> <li>• Competencias</li> <li>• Contidos</li> <li>• Metodoloxía</li> <li>• Estándares</li> <li>• Resultados de aprendizaxe analizables</li> <li>• Criterios de avaliación</li> <li>• Atención a alumnado NEE</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Un curso escolar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 15 unidades didácticas enumeradas que se poidan desenvolver completamente no tempo asignado para a súa exposición</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Extensión máxima de 60 folios (<u>sen incluír anexos</u>): computarase o índice pero non a portada nin a contraportada</li> <li>• Formato DIN-A4</li> <li>• Unha soa cara</li> <li>• Dobre espazo interlineal (a excepción das táboas)</li> <li>• Letra tipo Arial</li> <li>• Tamaño 12 puntos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Decreto 86/2015 de 25 de xuño</li> </ul>
<p>*Resultará excluída do procedemento a programación que non se axuste a estes requisitos</p> <p>*En ningún caso poderá excluirse ás persoas aspirantes por deficiencias no contido da programación</p> <p>*A programación deberá entregala ao tribunal o persoal aspirante que supere a Primeira Proba dentro do prazo que o tribunal estableza ao publicar as cualificacións da mesma.</p>				

**3. Parte B da Segunda Proba:** axustarase aos requisitos indicados na Orde de 24 de febreiro de 2020 e, especificamente, avaliarase coa 2ª rúbrica que esta mesma orde presenta no seu Anexo XI

Parte B x 0.6 Preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal			
Unidade didáctica	Tempo de preparación	Material dispoñible	Tempo e orde de exposición
<p>- Relacionada coa programación presentada: a persoa aspirante elixe de entre tres, extraídas ao chou por ela mesma da súa programación</p> <p>- Relacionada co temario oficial da especialidade: a persoa aspirante elixe unha unidade didáctica dun tema elixido de entre tres extraídos ao chou por ela mesma</p> <p>- A unidade didáctica debe concretar obxectivos de aprendizaxe, contidos, actividades de ensinanza e aprendizaxe para a aula e procedementos de avaliación</p>	<p>- Unha hora para a preparación da unidade didáctica</p>	<p>- Para a preparación: todo o material que o aspirante considere oportuno sen posibilidades de conexión co exterior</p> <p>- Para a exposición: 1) O material que o aspirante considere oportuno, achegado por el mesmo e aprobado polo tribunal, 2) Un guiión que non excederá unha páxina e que se entregará ao tribunal ao rematar</p>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Unha hora e por este orde:<ol style="list-style-type: none"><li>1. Defensa da programación / 20'</li><li>2. Exposición da UD / 30'</li><li>3. Debate co tribunal / 10'</li></ol></li></ul>

**4. Cualificación da fase de oposición:**

Segundo a base 13.7 da Orde de 24 de febreiro de 2020 a cualificación da fase de oposición resultará da media aritmética das puntuacións obtidas nas dúas probas que integran a fase de oposición, cando ambas fosen superadas.

## **Quenda E**

Proba única

Dúas partes

Tempo: tres horas

1ª Parte: preparación do tema elixido de entre cinco elixidos ao chou polo tribunal (2 horas)

2ª Parte: exposición do tema (1 hora)

### **1. Criterios de avaliación:**

<b>Criterios</b>
<b>A.</b> Amosar claridade e orde na exposición <b>B.</b> Amosar seguridade e coherencia na exposición <b>C.</b> Amosar dominio da exposición oral <b>D.</b> Amosar o dominio da terminoloxía propia da materia <b>E.</b> Coñecer e expoñer cientificamente o tema proposto
<b>*</b> A proba cualificarase de apto/a ou non apto/a e obterá a nova especialidade únicamente o/a cualificado/a con apto/a

En Lalín, a 15 de xuño de 2021

Presidenta Tribunal nº 1  
Asdo: Ana Mª Bolibar Chinchilla

Secretaria Tribunal nº 1  
Asdo: Marta Mon Vázquez

Presidente Tribunal nº 2  
Alvaro José Pérez Vilariño

Secretaria Tribunal nº Asdo:  
Asdo: Mª Carmen. Fernández García